

PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA



# Equipos de Dinamización da Lingua Galega

I.E.S. URBANO LUGRÍS – MALPICA DE BERGANTIÑOS

INTRODUCCIÓN  
OBJETIVOS  
CONTENIDOS  
EVALUACIÓN

Centro de Estudos da  
Lingua Galega  
C/Alameda, 100  
36100 Malpica de Bergantiños  
<http://www.centrodelinguagalega.es>



**CURSO 2021-2022**

## ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>3</b>
<b>2. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO.....</b>	<b>4</b>
2.1. A contorna sociolingüística do centro.....	4
2.2. A situación lingüística do Profesorado.....	4
2.3. A situación lingüística do alumnado.....	4
2.4. A situación lingüística do centro.....	4
<b>3. OBXECTIVOS PARA CADA UN DOS PUNTOS ANTERIORES.....</b>	<b>5</b>
<b>4. DESCRICIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES.....</b>	<b>6</b>
4.1. A contorna sociolingüística do centro.....	7
4.2. A situación do Profesorado.....	7
4.3. A situación do alumnado.....	7
<b>5. A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.....</b>	<b>8</b>

## 1. INTRODUCCIÓN

Amparados pola Constitución Española de 1978, o Estatuto de Autonomía de 1981 e o desenvolvemento da Lei 3/1983 do 15 de xuño de Normalización Lingüística e a Lei 2/2006 do 3 e maio de Educación, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Urbano Lugo de Malpica de Bergantiños está conformado segundo o indicado polo Decreto 79/2010 do 20 de maio.

### Profesorado colaborador:

Pedro Pablo Martínez Casillas

...

### Alumnado:

#### **1ºA:**

#### **3º A:**

Javier Cotelo Muñoz

Sergio Eiroa chouciño

Christian Novo Bermúdez

#### **3ºB:**

Daniel Fariña Outeiro

Raúl Pérez Veres

Manuel Rellán Mato

Unai Suárez Trigo

#### **4ºA:**

Fabián Cancela Fariña

Joel Morales Rey

### Persoal non docente:

Santiago Molina Álvarez

### Coordinadora:

Carla Andrade Rama

## **2. ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO**

### ***2.1. A contorna sociolingüística do centro***

O concello de Malpica conta con 5.391 habitantes. A poboación deste concello ven minguando os últimos anos.

O IES Urbano Lugrís é un centro educativo no que se imparte Ensinanza Secundaria Obrigatoria, situado nas aforas da vila de Malpica. O noso centro atópase nunha zona xeográfica e social onde o galego é a lingua de instalación de practicamente todo o alumnado. O castelán, pola súa parte, ten un uso claramente inferior, pero goza dun prestixio social que favorece a súa aprendizaxe e emprego.

É o noso labor adoptar as medidas necesarias para garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a competencia lingüística previa de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia, como se dispón no Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG nº 97, do 25 de maio en consonancia co establecido no artigo 14.3º da Lei 3/1983 do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, e de acordo coa LOE.

### ***2.2. A situación lingüística do Profesorado***

En canto ao profesorado, mostra unha actitude favorable cara ao uso da lingua galega á hora de impartir as materias, pero a lingua empregada, nalgúns casos é o castelán.

### ***2.3. A situación lingüística do alumnado***

Ao IES Urbano Lugrís está adscrito o alumnado do C.E.I.P. Milladoiro de Malpica, centro que recolle maioritariamente poboación procedente do ámbito semiurbano e urbano, así como o alumnado do C.E.I.P. Joaquín Rodríguez Otero de Buño, de procedencia rural.

O nivel económico familiar do noso alumnado podemos situalo nunha clase media-baixa.

### ***2.4. A situación lingüística do centro***

Na ESO o 70% do alumnado é galegofalante, un 20% fala habitualmente en castelán e un 10% utiliza indistintamente os dous idiomas.

A situación sociolingüística reflicte un uso maioritario da lingua galega no ámbito familiar, no laboral e nas relacións cos amigos e amigas.

O galego é a lingua normal de relación e esa situación parece consolidada: na convocatoria e realización de actividades complementarias e extraescolares, no labor dos diferentes equipos (Biblioteca, TIC etc.), na sinalética, na comunicación da dirección co alumnado e as familias, nas notas da conserxería...

Debemos, así e todo, seguir fomentando e apoiando unha maior coherencia entre as intervencións formais e académicas por un lado, e as relacións coloquiais polo outro.

### **3. OBXECTIVOS PARA CADA UN DOS PUNTOS ANTERIORES**

O proxecto presentado ten como obxecto achegar ambas comunidades, a rural, a semiurbana e a urbana, e facelas partícipes dunha realidade común, a galega, favorecendo a valoración da riqueza cultural e lingüística, así como da tradición da nosa contorna máis inmediata.

Tendo en conta tanto a contorna sociolingüística como a situación lingüística do noso centro, e atendendo á situación do profesorado e do alumnado e o PXNL e o PEC, os obxectivos xerais que se propoñen para o exercicio 2021-2022 son:

- Incrementar a valoración da lingua galega como propia, tendo en conta as circunstancias históricas que condicionaron a súa evolución, e superar as posibles situacións de diglosia e os prexuízos asociados.
- Promover o uso da lingua galega en todos os ámbitos da comunicación e desenvolver novos espazos para o seu uso, tanto oral como escrito.
- Utilizar a linguaxe oral e escrita como instrumento para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.
- Impulsar a análise crítica dos diferentes usos sociais das linguas, evitando os estereotipos e prexuízos (clasistas, sexistas, racistas etc), mediante o recoñecemento do posible contido ideolóxico da linguaxe.
- Desenvolver actividades de animación á lectura entre o alumnado do centro para fomentar o hábito lector en galego, traballando en continua colaboración co Equipo de Dinamización da Biblioteca, o Club de lectura do centro e o Departamento de Lingua Galega.
- Promover a difusión do teatro, poesía e música galega entre a comunidade educativa, en colaboración co Departamento de Música, Lingua e Literatura Galega e co Club de Lectura, e dar publicidade ás novidades teatrais e musicais e a oferta cultural do concello de Malpica.

- Dar a coñecer a relevancia da cultura galega noutros ámbitos artísticos (artesanía, pintura...) e o patrimonio histórico, actuando en colaboración co concello de Malpica e concellos limítrofes, así como con outras asociacións culturais.
- Potenciar a elaboración de materiais curriculares, a participación do alumnado en concursos, campañas de lectura, así coma outras actividades que xurdan ao longo do curso promovidas por institucións públicas ou privadas.
- Fomentar o emprego das novas tecnoloxías no acceso a materiais bibliográficos, musicais e videográficos.
- Fomentar o emprego do correo electrónico do EDLG, a WEB do centro e o blog (*Palabras na area*) como ferramentas de difusión das actividades. Proporase utilizar novas canles de difusión nas redes sociais como Instagram, máis demandas polo alumnado e con maior posibilidade de difundir a nosa mensaxe e actividades.
- Favorecer o coñecemento da contorna a través da organización de proxectos multidisciplinares, baseados na organización de rutas polo concello de Malpica e/ou concellos limítrofes, en colaboración co Departamento de Educación Física, o Equipo de Dinamización da Biblioteca, o Departamento de Plástica e os restantes Departamentos do centro (Ciencias, Historia, Matemáticas...), en función da temática tratada en cada caso.
- Impulsar a presenza progresiva e coherente do galego por parte do profesorado nas diferentes áreas curriculares, tamén á hora de desenvolver a competencia dixital, e, en xeral, na vida do centro. Non esqueceremos tamén o persoal non docente, no que tamén se procurará aumentar a presenza do galego entre elas e eles.
- Impulsar e cooperar en proxectos colectivos de produción e difusión, innovadores, interdepartamentais e abertos a toda a comunidade escolar, con potencialidades para a integración de usos e actitudes, así como colaborar en todas aquelas actividades do centro que utilicen a lingua galega.
- Propiciar a comunicación permanente con institucións, asociacións e centros educativos do concello e outros centros educativos fomentado a colaboración en actividades dinamizadoras.
- Establecer novas liñas de traballo e colaboración con persoas e entidades da contorna, ou de ámbitos máis amplos, que promovan ou tomen parte en iniciativas de normalización lingüística.

En resumo, o labor do EDLG (Equipo de Dinamización da Lingua Galega) será velar pola extensión do emprego do galego en todos os ámbitos do noso centro. Así mesmo, buscaremos a implicación de toda a comunidade escolar neste reto.

#### 4. DESCRICIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES

Dadas as características sociolingüísticas antes expostas e debido á necesidade de ampliar o uso da nosa lingua en situacións lúdicas e innovadoras, propoñémonos unha actuación unida ao calendario festivo anual, desenvolvendo actividades que en todo momento teñan como referente a promoción da cultura e lingua galegas.

Na proposta de actividades búscase a implicación activa dos membros da comunidade (pais/nais, profesorado dos distintos departamentos, alumnado dos distintos ciclos, etapas e niveis, e persoal de administración e servizos). Tamén fomentar a utilización das novas tecnoloxías, a través do intercambio de mensaxes en rede entre as persoas do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e os distintos Departamentos, e a realización de obradoiros relacionados coas novas tecnoloxías: blog (Palabras na area), edición de fotografía e vídeo, realización de curtas...

Tamén se tratará de favorecer a colaboración permanente con diferentes institucións, asociacións e entidades, para a organización de actividades (Concello de Malpica, C.E.I.P. O Milladoiro de Malpica, asociacións culturais...), e a creación de sinerxías con outros centros educativos da contorna.

##### 4.1. A contorna sociolingüística do centro

- Colaboración na publicación das actividades organizadas polo EDLG na páxina web do centro e no noso blog *Palabras na area*.
- Colaboración con outros equipos de dinamización lingüística, especialmente co do concello.
- Preténdese unha ampliación de uso do galego tanto cuantitativamente como cualitativamente a través do emprego do noso blog *Palabras na area*. Haberá tanto actividades de carácter individual como colectivas.
- Organización de saídas ou rutas de sendeirismo e visitas culturais, en colaboración co Departamento de Educación Física e restantes Departamentos, para o alumnado, persoal docente e laboral do Centro.
- Orientación na adquisición de novidades bibliográficas.

##### 4.2. A situación do Profesorado

- Asesoramento lingüístico e lingüístico-tecnolóxico do profesorado do centro.

### 4.3. A situación do alumnado

- Creación dun grupo de alumnado que colabore co EDLG. Este grupo de alumnas e alumnos axudará nas actividades desenvolvidas durante todo este curso escolar polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Concurso de relato de medo no mes do medo (outubro) en colaboración co Departamento de Lingua Galega e a Biblioteca.
- Concurso-exposición de lemas sobre o Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra a Muller (25 de novembro)
- Taller “Somo Pandeireteiras” organizado pola Asociación Cultural Raigañas de Cerqueda, onde farán unha explicación do traballo da muller pandeireteira da contorna, para visibilizar a súa importancia como compositora de regueifas e coplas na cultura popular galega (26 de novembro)
- Elaboración de carteis que dean a coñecer os Dereitos Humanos e personaxes que loitaron polos mesmos para conmemorar o Día dos Dereitos Humanos (10 de decembro)
- Concurso-exposición sobre lemas para conmemorar o Día da Paz (30 de xaneiro)
- Celebración do día da Candeloria (2 de febreiro) coa participación da comunidade educativa na elaboración de notas de agarimo e bos desexos.
- Conmemoración do Día da Muller (8 de marzo) coa exposición das ilustracións de “Músicas galegas ilustradas”, e a realización do taller “Música e Lingua”, para visibilizar a música en galego por mulleres (aínda por concretar).
- Celebración do Día das Letras Galegas dedicado no 2022 a Florencio Delgado Gurriarán, e ligalo á necesidade que sufriu a cultura galega de exiliarse por mor da ditadura.
- Conmemoración do Día de Rosalía de Castro en colaboración coa Biblioteca do centro e o departamento de Lingua e Literatura Galega.
- Concurso de poesía “Xogos Florais” en colaboración co Departamento de Lingua e Literatura Galega.
- Relatorio dunha escritora galega aínda por determinar.
- Organización de saídas ou rutas de sendeirismo, en colaboración co Departamento de Educación Física e Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, que favoreza o coñecemento da contorna polo alumnado do Centro



- I Concurso-exposición de fotografía, no que se reflicta de maneira persoal que é para o alumnado, ou que representa para eles a tradición e cultura galega.
- Excursión ao Aquapark de Cerceda en colaboración co Departamento de Educación Física.
- Visita didáctica a Ponteceso para facer o Roteiro Pondaliano en colaboración co Departamento de Lingua e Literatura Galega

## 5. A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

- Colaboración co club de Lectura
- Colaboración co Club de Ciencia
- Conmemoración do Día da Muller co bautizo das aulas con nomes de mulleres senlleiras.
- Mantemento e actualización do Taboleiro da Lingua e do blog *Palabras na area* no que aparecerán todo tipo de noticias relacionadas coa lingua (efemérides, publicacións de libros, accións culturais...).
- Orientación na adquisición de novidades bibliográficas ou noutro soporte que sexan interesantes como recurso normalizador: cómics, revistas temáticas, música, programas informáticos, dicionarios, ...
- Colaboración coa Comisión de Coordinación Pedagóxica e cos Departamentos involucrados no deseño de estratexias que conduzan á plena integración lingüística das alumnas e alumnos que retornen da emigración, así como dos e das inmigrantes.
- Colaboración na celebración de festas populares galegas que realcen a nosa lingua e cultura: Magosto, Samaín, Nadal, Día da Candeloria (2 de febreiro), Entroido, Día de Rosalía, Día das Letras Galegas...
- Concurso de disfraces no Entroido, no que participan alumnado e profesorado de todos os Departamentos e o persoal de administración e servizos.
- Celebración do Día da Candeloria (2 de febreiro) cun concurso de relatos e poemas de amor.
- Proxecto de animación á lectura en galego:
  - Celebración das datas significativas relacionadas co libro e a lectura xunto co Club de lectura e da biblioteca do centro.

- Selección e difusión entre a comunidade educativa das imaxes e vídeos realizados ao longo das actividades na páxina web do noso centro.
- Elaboración da enquisa lingüística para o curso 2021-22.
- Fortalecer o labor dixital mediante o emprego de contas tanto en Instagram como en Twitter para aumentar a presenza do traballo do EDLG.

Malpica de Bergantiños, 15 de novembro do 2022

Vº e Prace.

Fdo.

A DIRECTORA

A COORDINADORA DO EDLG

María Dolores Paz Queiruga

Carla Andrade Rama